

Eugenia Vieito

Concelleira de Facenda e Administración

Nacín na Coruña. Son licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e teño un mestrado oficial en Xestión de Políticas Públicas, pendente de tese fin de mestrado, na especialidade social, que abrangue materias sobre políticas públicas, e que me deu unha visión máis completa das políticas alternativas que se están a seguir noutros sistemas, así como temas de administración electrónica, dereito administrativo, contabilidade pública, facendas locais, mellora de calidade nas administracións, políticas de igualdade de xénero, e outras materias imprescindíbeis para a xestión pública. Actualmente iniciéi tamén un mestrado oficial en Dereito da Unión Europea, dereito que nos condiciona a case todos os niveis. Traballei como Persoal de Servizos Xerais no Seras e como Persoal de Administración e Servizos na Universidade da Coruña desde hai case 14 anos. Formei parte dun proxecto de candidatura alternativa formada por PAS da universidade, con representación na Xunta de Persoal, no Claustro e no Consello de Goberno da Universidade da Coruña.